

Texto publicado no suplemento *Nordésia* do *Diario de Ferrol*, o 12 de xullo de 2009.-

Amados libros

Escribino no meu *Libro das alquimias*, nese momento en que o vello lle conta ao neno protagonista a importancia que teñen os libros. Dille deles que “*son pequenos retrincos perdidos dos espellos onde a vida se reflicte... gardan no seu cerne as cicatrices todas da humanidade... todas... as máis grandes e tamén as máis pequenas... eles pasaron por todo... polos acontecementos máis conmovedores da historia e tamén polos acontecementos máis aciagos... presenciaron o nacemento das primeiras civilizacións... atenderon a o seu engrandecemento... foron caladas testemuñas do seu esmorecer...*”

Pregunteime moitas veces pola verdadeira orixe destes libros que sempre nos acompañan e cheguei á conclusión de que quizais naquel remoto momento en que un home da prehistoria quixo debuxar algo no interior dunha cova xa estaba a pensar en como deixar para a humanidade a herdanza do seu pensamento. Probabelmente podemos dicir que os verdadeiros devanceiros dos libros, os primeiros documentos impresos de que se ten constancia, son meras raias rabuñadas nas paredes das cavernas con pedras afiadas, que máis tarde se transformarían en símbolos de significados máxicos e logo en escenas de caza.

Coñeceu deseguido a humanidade o nacemento dos primeiros mercadores ao mesmo tempo que se inventaba a cerámica, hai arredor de oito mil cincocentos anos. Chegaron con eles os primeiros pictogramas acuñados en anacos de arxila para que servisen de testemuños das transaccións comerciais.

Pero como a cerámica é moi perecedoira a humanidade houbo procurar outros materiais para ver de deixar constancia dos seus escritos. Utilizáronse, entón, a

madeira, e logo o bambú, e despois a cortiza de árbore, e o óso e moitos outros materiais. Pero nada duraba o tempo necesario.

Até que chegaron as primeiras grandes civilizacións, Exipto e Mesopotamia, e da man delas chegaron os papiros, esas láminas semellantes ás follas secas das árbores. O clima seco e caloroso das beiras do Nilo permitiu a súa conservación case por azar, polo que a humanidade tivo necesidade de procurar novos xeitos de conservar a palabra escrita.

En Grecia e Roma empezaron a utilizarse os pergameos, peles animais branquexadas e curtidas chegadas da cidade de Pérgamo, na actual Turquía. Os máis luxosos, tinguidos de vermello ou amarelo para evitar que se ensuciasen, tiñan marxes e estaban escritos con ouro ou con prata.

Foi o emperador Augusto quen ditaminou que os pergameos eran moi incómodos para leros en rolos, así que mandou cortalos e coselos para facer uns cadernos que se coñeceron co nome de códices e se utilizaron ao longo de toda a Idade Media.

Os máis importantes destes códices, que eran moi semellantes ao que hoxe entendemos como libro, escribíronse nos “scriptoriums” dos mosteiros, onde os monxes, que eran copistas (e non todos sabían ler ou escribir), desenvolvían un intenso e entregado traballo que mesmo podía durar dez anos.

Foi a partires do século X cando o papel, inventado na China por Ts'ai Lun no ano 105 a.C, empezou a substituír o pergameo, malia que aínda lles quedaban moitos anos de convivencia. Trouxérono á Península Ibérica os árabes pero non se estendeu por Europa até be entrado o século XIV.

Tamén da China chegou unha mestura de cinzas, aceite de lámpada e xelatinas animais que se chamaba tinta e suporía un gran avance para a palabra escrita.

Dende o século XII empezou a utilizarse a xilografía, unha arte de gravado en madeira que sería precursora do libro ilustrado. A primeira obra que se imprimiu con esta técnica foi a *Biblia pauperum* ou *Biblia dos pobres*, unha verdadeira xoia chea de ilustracións.

Da man do Renacemento, arredor de 1440, a humanidade coñecería a invención da imprenta no obradoiro dun tal Johannes Glenfeish, coñecido como Gutenberg, que quedou sen diñeiro en varias ocasións e tivo que ser financiado polo bispo de Maguncia, para quen imprimiu unha Biblia da que se conservan moi poucos exemplares.

No século XIX a linotipia, unha sorte de máquina de escribir, mecanizou o invento de Gutenberg, e xa nos nosos días, da man da informática, naceron a imprenta dixital, que permite reimpresións rápidas e moi baratas, e o que coñecemos como libro dixital, nacido cun Proxecto chamado Gutenberg no ano 1971, que tiña como obxectivo a creación dunha biblioteca dixital gratuíta con obras de escritores clásicos.

A investigación continúa e quen sabe o que nos vai deparar o futuro, polo que quixera rematar cunha cita do escritor italiano Umberto Eco, que di que “*Se tivese que deixar unha mensaxe de futuro para a Humanidade, faríao nun libro en papel e non nun disquete electrónico porque os disquetes de ordenador non existirán dentro de 30 anos mentres que os libros de 1.000 anos de antigüidade consérvanse incunábeis.*”

© Xesús Constela Doce, 2009